

BONIFICACIÓN DO 99% DOS PREZOS PÚBLICOS GRAO EN ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

DECRETO 163/2024, do 24 de xuño, polo que se modifica o Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño (DOG núm. 128, do 3 de xullo).

Preguntas frecuentes

1	<i>Xa rematei os meus estudos de grao en ensinanzas artísticas superiores/grao universitario previamente á entrada en vigor do Decreto 163/2024, teño dereito á nova bonificación?</i>
Si, sempre e cando accederas aos estudos de grao en ensinanzas artísticas superiores en Galicia mediante as probas específicas de acceso nesta comunidade para o curso 2024/25 , segundo o punto 8.a) do Decreto 163/2024. Tamén sería de aplicación no caso de acceder no curso 2024/25 por vía directa ao estudos de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais ou en Deseño, ao ter título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño.	
2	<i>Fixen as probas de acceso específicas noutra comunidade, teño dereito á nova bonificación?</i>
Non, a bonificación só se aplicará ao alumnado que accedeu logo da realización das probas específicas de acceso na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o punto 8.a) do Decreto 163/2024.	
3	<i>Accedín ás ensinanzas de Deseño/Conservación e Restauración de Bens Culturais por vía directa ao ter acadado un título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño noutra Comunidade Autónoma, teño dereito á nova bonificación?</i>
Si, non se restrinxe o dereito aos títulos obtidos fóra da nosa Comunidade Autónoma, segundo o punto 8.a) do Decreto 163/2024.	
4	<i>Cumpro todos os requisitos para ser beneficiario da nova bonificación, teño que pagar os prezos públicos de apertura de expediente e servizos xerais?</i>
Si, a nova bonificación aplícase soamente aos prezos públicos dos créditos ECTS que correspondan, en cada caso.	
5	<i>Son beneficiario da bolsa do Ministerio, tería dereito á nova bonificación?</i>
Non, xa terías a matrícula gratuíta,segundo o punto 1 do artigo 7 do Decreto 89/2013, do 13 de xuño.	

6	<i>Teño solicitada a bolsa do Ministerio, tería dereito á nova bonificación se non ma conceden?</i>
Si, no caso de non resultar beneficiario da bolsa do Ministerio, terías que presentar a documentación da denegación e terías dereito á nova bonificación nas distintas casuísticas, segundo os apartados a), b) ou c) do punto 8 do Decreto 163/2024.	
7	<i>Non cumpro os requisitos para optar á bolsa do Ministerio, que teño que facer para ter dereito á nova bonificación?</i>
Tes que presentar a declaración responsable de non cumprir os requisitos económicos para a obtención da bolsa do ministerio e terás dereito á nova bonificación sempre e cando cumpras os requisitos establecidos para cada caso, segundo os apartados a), b) ou c) do punto 8 do Decreto 163/2024, conforme ao anexo que se adxunta ao presente documento.	
8	<i>Se me permitiron matricularme excepcionalmente en menos de 60 créditos ECTS en 1º curso dun grao de ensinanzas artísticas superiores, teño dereito á nova bonificación?</i>
Si, terías dereito á bonificación do 99% do prezo dos créditos dos que te matricules.	
9	<i>Accedín ao grao en ensinanzas artísticas superiores o presente curso en Galicia mediante proba de acceso específica/vía directa e teño estudos previos, teño dereito á nova bonificación no prezo do recoñecemento de créditos?</i>
Si, tes dereito á bonificación do prezo público do recoñecemento de créditos sempre e cando os estudos que alegues para o recoñecemento sexan de grao cursados en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ciclos formativos de grao superior (neste caso serán válidos estudos cursados noutros centros).	
10	<i>Teño dereito á bonificación de máis de 60 créditos ECTS na miña matrícula?</i>
Non, xa que o máximo de créditos por curso a bonificar é de 60 créditos ECTS, independentemente de que sexan créditos pendentes de recoñecemento.	
11	<i>Cantos créditos me bonificarían se me matriculo de curso completo e superei o curso pasado o 90% do total de créditos ECTS do plan de estudos?</i>
Terías dereito á bonificación do número de créditos que teñas superado en primeira matrícula no curso anterior, non computarían en ningún caso os créditos superados en segunda matrícula.	
12	<i>Cantos créditos ECTS me bonificarían se me matriculo de menos de 60 créditos ECTS (matrícula parcial) e superei o curso pasado o 90% do total de créditos ECTS do plan de estudos?</i>
Non terías dereito a ningunha bonificación ao estar na casuística c) do punto 8 do Decreto 163/2024. Para poder optar á bonificación terías que ter superado a totalidade dos créditos matriculados no curso anterior.	

13*Onde e como solicito a bonificación?*

No propio centro onde vas realizar os estudos. No momento de realizar a matrícula procederase a solicitar a bonificación do 99% entregando a documentación acreditativa que proceda segundo o caso.